

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN HUMANS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa Fundación Humáns o instrumento convencional arriba referido cunha vixencia de dous anos dende o intre da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto, establecer un marco de actuación para a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Humáns para a prestación de servizos e actividades encaminadas a elaborar un plan de humanización destinado a potenciar a aproximación do sistema sanitario ao paciente nunha vertente de calidade humana, potenciando a empatía e o abordaxe integral co fin de que o paciente sexa tratado como un ser humano e non como un simple portador de enfermidade ao que hai que curar.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no interese que teñen as partes intervintes en paliar a despersonalización, que nestas últimas épocas, está a sufrir a atención sanitaria debido a introdución paulatina da alta tecnoloxía na práctica médica, a alta especialización e o incremento de procedementos e actividades. Neste contexto é imprescindible que as políticas sanitarias incorporen a humanización como factor influínte nas súas planificacións, de xeito que a clave do éxito do proceso de humanización resida en lograr un cambio de cultura no desenvolvemento da sanidade, dos profesionais, organizacións e pacientes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela,

